



IES Terra de Turonio

3º ESO | **DEBUXO**

Raquel Guerrero Cebrecos

LEMA: Destrucción do planeta polas queimas

DESCRIBIÓN:

Co meu traballo quero facer ver que temos que ter coidado co lume, xa que pode ser noso amigo dándonos calor, ..., pero con solo unha chispa pode acabar coa vida de miles de hectáreas de vexetación. Iso significa que acabaremos cos seres que nos dan O2 para respirar. Si eliminamos ou matamos esa vexetación que nos rodea morreremos todos, destruíndo o noso planeta.

IES Virxe do Mar

3º ESO | **POESÍA**

Elisabeth Rey González

LEMA: O despertar

DESCRIBIÓN:

O meu poema fala da beleza do noso planeta, da necesidade de coidalo, de que temos a obriga de dar ese paso que para nos e inmensamente pequeno pero necesario para o noso entorno, que non hai escusa de ningún modo que sirva para defender o noso comportamento. Do moito que nos arrepentiremos se isto segue así ou se empeora, que pronto non terá solución. Que somos necios e non damos ese paso como se nos custara tanto e que nos lamentaremos de non avelo dado cando tiñamos a oportunidade.

Era cega como todos os demais.
Ata que un día abrín os ollos.
Para nunca máis volvelos pechar.

Ao abrilos o mundo cambiou,
De cor, de textura, de olor.
Sentín fragancias novas.
Sentían outra alma, outro amor.

Vin as fermosas augas,
Vin o romántico solpor.
Vin a lúa e o sol,
Vina a ela chea de dor.

Entrou en min a compaixón,
Entrou en min o terror.
O mundo xiraba ao seu curto paso,
Os días máis longos eran as noites máis pequenas.

Era a única vidente neste mundo sen cor,
Mentres o tempo pasaba sen perdón..

E vía o mar subir,
E oía o vento zoar,
E oía a música do vento
E o seu triste cantar.

A noite da sentencia o chan tremeu ,
E despois de tanto tempo por fin se mostrou.
A xente abriu os ollos e chorou polo seu erro.
Algúns rezaban, non se sabe a que deus.

Outros choraban das cousas que fixeran,
Sen pensar, sen mirar.
Din que dos erros se aprende.
Non si ?

Aprenderás ti algún día,
Darás ese curto paso?
Eu xa o din.

IES Virxe do Mar

1º ESO | **NARRATIVA**

Paula Otero Troitiño

Laura Martínez Castro

Sara Sónora López

LEMA: Salvaterra Sol e Lúa

DESCRIPCIÓN:

Trátase dun conto para nenos con temática medioambiental



"Contan os vellos que cando eu nacín, un pequeno esquío podía dar a volta ao mundo saltando de árbore en árbore."

Ola! Chámome *Salvaterra Sol e Lúa* e son ese esquío. Teño miles de millóns de anos e consérvome cada vez peor; vouvos a dicir por que:



SON AMIGO ÍNTIMO DA TERRA. Pois si, ten que ver en que contaxiámonos mutuamente todo (curiosamente eu nunca lle pasei nada). Agora mesmo estamos moi enfermos. Hoxe teño unha febre terrible, pero a Terra xa está moito peor. Por exemplo:

A febre revolueulle as entrañas e vomitouno todiño (os humanos chamádeslle *erupción volcánica*).

Ela non quixo pero matou a un montón de animais e xente inocente... **AÍNDA QUE** non tan inocente...

E digo isto porque os humanos causáronlle a febre. Que non sabedes como? Pois co cambio climático. Non sabedes o que é? pois explicovolo:



Vós os humanos mandades gases nocivos á Terra coas fábricas, cos coches, cos incendios provocados... Na atmosfera fórmase unha capa de gases que deixa entrar os raios solares, pero que impide que saian requeitando a Terra. Isto é o causante da súa febre: **O EFECTO INVERNADOIRO.**

Pero isto non é todo:

- Ás veces atópase tan mal que chora, e aquí as inundacións.
- Cando esbirra moi forte provócanse os terremotos.
- Cando se lle acaban as reservas de auga prodúcense as secas.

...

Sei que se a Terra morre morro eu e morredes todos vós. Pero tamén sei que se axudamos todos será máis doado e poderemos solucionado. **TODOS XUNTOS PODEMOS** salvar á Terra e a todos nós.



1. Que lle está a pasar á Terra?

din que estamos a producir o efecto invernadoiro. A que se debe?



2. Se nós somos os causantes... como podemos remedialo?



un 20% das persoas utilizan bombillas de baixo consumo
51% da poboación non utiliza o coche

menos tráfico e coches en traxectos de menos de 3km
62% da poboación ás veces vai en

construído e o efecto invernadoiro
60% da poboación non utiliza aerosois nin

investigacións
81% da poboación sabe que estes produtos contribúen co

cambio climático
50% da poboación sabería dicir medidas contra o cambio climático



IES Virxe do Mar

1º ESO | **PRESENTACIÓN**

Paula Otero Troitiño

Laura Martínez Castro

Sara Sónora López

LEMA: Coidamos o Planeta?

